

- [Inicio↓](#)
- [Servicios↓](#)
- [Deporte↓](#)
- [CULTURA↓](#)
- [HISTORIA↓](#)
- [PARROQUIAS↓](#)
- [PLAYAS↓](#)
- [Lins](#)

[Facebook](#) [Twitter](#) [YouTube](#) [RSS](#)

Se alquila casa en verano con cinco habitaciones dobles, cocina, salón y dos baños. Finca cerrada y ajardinada cerca de la playa en Benquerencia (Barreiros). Teléfono de contacto: 696 34 18 69

## Últimas noticias

- [Sentir la inmensidad en Barreiros](#) 2 julio, 2014
- [Visita o Parlamento de Galicia e o Museo Pedagógico](#) 2 julio, 2014
- [Solicitan al TSXG que nombre un juez sustituto para Mondoñedo](#) 2 julio, 2014
- [Nova ambulancia medicalizada para o dispositivo de socorrismo nos areas de Barreiros durante este verán](#) 1 julio, 2014
- [Foz, Barreiros, O Vicedo y Xove tienen desde hoy socorristas](#) 1 julio, 2014
- [Celso Dourado adquiere un edificio del casco histórico de Ribadeo para crear un museo](#) 1 julio, 2014
- [Santo Estevo do Ermo 2014](#) 1 julio, 2014
- [Solo mi madre me llama Javier, para los demás soy Trosky](#) 30 junio, 2014
- [Gaseoducto Tubo Roto Reinante reparado](#) 30 junio, 2014
- [Vídeos festa de San Pedro 2014](#) 29 junio, 2014
- [Misa de San Pedro](#) 29 junio, 2014
- [Numerosos surfistas participaron en el Surf Camp en la playa de Lóngara en barreiros](#) 29 junio, 2014
- [Sesion vermut en San Pedro](#) 28 junio, 2014
- [Parolando inicia unha nova andaina en Radio Burela cun debate sobre a situación política actual](#) 27 junio, 2014
- [El Costa Nova reúne de nuevo a más de 50 equipos de toda España](#) 26 junio, 2014
- [Patrimonio reconoce como yacimientos las minas de oro de Foz y Barreiros](#) 26 junio, 2014
- [A tarde do sábado 28 de xuño, os grupos de teatro infantil e adulto de Ollomao, actuarán en San Pedro de Benquerencia](#) 26 junio, 2014
- [Tubo roto por las obras del Gaseoducto en Reinante](#) 26 junio, 2014
- [XABIER DÍAZ SUBSTITUIRÁ A UXÍA SENLLE NO VI ENCONTRO NO EIDO](#)

[DOURADO](#) 25 junio, 2014

- [Fallecimiento de la Señora Doña Lidia Yáñez Caserío](#) 24 junio, 2014

junio 2014

L M X J V S D

[1](#)

[2](#) [3](#) 4 [5](#) [6](#) [7](#) 8

[9](#) [10](#) [11](#) [12](#) [13](#) [14](#) [15](#)

[16](#) [17](#) [18](#) [19](#) [20](#) [21](#) [22](#)

[23](#) [24](#) [25](#) [26](#) [27](#) [28](#) [29](#)

[30](#)

[« may](#)      [jul »](#)



## Categorías

Elegir categoría

Search...



[< Prev](#) [Next >](#)

## Ruta Atlántica da I Travesía Náutica Xacobeo o 5 de xullo

jun13

by [admin](#) on 13 junio, 2014 at 13:46

Posted In: [Camino](#), [Deportes](#), [Mariña](#)

**A Xunta reúne na comarca da Mariña a preto de 40 embarcacións para iniciar a Ruta Atlántica da I Travesía**

## Náutica Xacobeá o 5 de xullo



Ribadeo, 12 de xuño de 2014.- Entre os días 5 e 7 de xullo,

A Mariña será referente do deporte náutico en España ao acoller a preto de corenta embarcacións que iniciarán dende aquí a ruta Atlántica da I Travesía Náutica Xacobeá, enmarcada dentro dos actos cos que a Xunta de Galicia conmemora o VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela.

Así o sinalou este xoves a delegada territorial, Raquel Arias, durante a presentación do evento, destacando a "extraordinaria resposta" que tivo a proposta de Turismo de Galicia tanto no ámbito nacional como internacional, dado que do porto de Ribadeo zarparán barcos de Irlanda, Francia, Inglaterra ou Bélxica, entre outros.

A Travesía Náutica Xacobeá contempla dúas propostas, unha ruta Mediterránea (ou ruta Sur), que comeza este mesmo sábado no porto de Xénova, e una ruta Atlántica (ruta Norte), que parte de Ribadeo o 5 de xullo e inicia a segunda etapa en Viveiro.

A ruta mediterránea percorrerá 1.542 millas en 14 etapas ao longo de case un mes de navegación. A ruta Atlántica percorrerá cerca de 210 millas náuticas en seis etapas: Ribadeo, Viveiro, Ares, Camariñas, Portosín, Ribeira e Cabo da Cruz. Será neste último porto cando, o día 11 de xullo, a iso das dúas da tarde se xunten os barcos da ruta Atlántica procedentes de Ribeira e os que chegan da ruta Mediterránea dende Portonovo.

Arias lembrou que "a calidade determinou a selección das estacións náuticas para acoller as embarcacións da peregrinación", aproveitando para destacar que o RCN de Ribadeo ten o recoñecemento da Q de calidade e no porto deportivo de Viveiro lucirá de novo a bandeira azul.

Segundo explicou, está confirmada neste momento a participación de 48 embarcacións en ambas rutas, 35 delas na ruta Norte, e de arredor de 200 participantes. "Este evento -afirmou- atraerá a centos de persoas á Mariña, entre navegantes e público, e non me cabe dúbida de que repercutirá moi positivamente na promoción turística da zona, que é o obxectivo principal que persegue Turismo de Galicia".

A delegada indicou que a Dirección Xeral de Xuventude participa na iniciativa a través das actividades da Campaña de Verán para a mocidade galega. Así unha das goletas que completará o percorrido atlántico será a Goleta Nieves, na que a Xunta ofreceu 25 prazas a mozos e mozas galegos de entre 18 e 30 anos; "tripulantes" aos que neste caso non se lles esixe coñecementos náuticos e que, ao tempo que disfrutan da navegación, aprenderán algunhas das tarefas que se levan a cabo nunha embarcación de vela de gran eslora. A falta aínda de case un mes para que comece a travesía, só quedan catro prazas vacantes.

Turismo de Galicia organizou a travesía en colaboración con ASNAUGA -a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia- co obxecto de rememorar a Traslatio do corpo do Apóstolo Santiago ata

Galicia por mar, así como a propia peregrinación do santo de Asís, configurando unha viaxe única en Europa polas súas características.

“Os amantes da náutica comprenderon que esta travesía é unha oportunidade única de participar nunha iniciativa singular, que une os atractivos do mar cos da peregrinación xacobeá -apuntou Arias-, ata o punto de que as solicitudes de participación desbordaron as previsións iniciais”.

Na presentación, participaron tamén Javier Ruiz de Cortázar, presidente de ASNAUGA, Ramón Acuña, presidente do Club Náutico de Ribadeo, o alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, e o alcalde de Barreiros, Alfonso Fuente, como presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña.

- [Inicio](#)
- [Servicios](#)
- [Deporte](#)
- [CULTURA](#)
- [HISTORIA](#)
- [PARROQUIAS](#)
- [PLAYAS](#)
- [Lins](#)

©2013-2014 [Actualidad de Barreiros \(Lugo\)](#) | Powered by [WordPress](#) with [Easel](#) | Subscribe: [RSS](#) | [Back to Top](#) ↑